



**Ao Presidente do Goberno, Sr. Mariano Rajoy Brey**  
**Ao Presidente da Xunta de Galiza, Sr. Alberto Nuñez Feijoo**

Dona/Don \_\_\_\_\_, con D.I. \_\_\_\_\_, e con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, vostes se dirixe ante a presentación do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2012,

**EXPOÑO**

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo leva anos reclamando unha solución ante a ofensa, o desprezo e o abandono do Goberno español do PP que vén de atrasar, unha vez máis, as urxentes actuacións que precisa a ría ao non consignar nin unha soa partida orzamentaria para o saneamento e rexeneración da zona.

A Plataforma en Defensa da Ría do Burgo e os veciños/as da comarca da Coruña levamos anos reivindicando solucións ante o grave deterioro da Ría do Burgo e das consecuencias negativas que ten no medio ambiente, na economía e no marisqueo. Os avances na recuperación medioambiental da zona foron escasos e os episodios de contaminación das augas repítense con demasiada frecuencia, sen que ningunha administración adopte medidas para frear esta situación.

A decisión de destinar 0 euros para a Ría do Burgo para o ano 2012 e seguintes, confirma que todas as declaracións realizadas tanto pola Xunta como polos alcaldes dos concellos da comarca afectados, especialmente polo Concello da Coruña, a respecto das inmediatas actuacións na ría do Burgo eran falsas e puras mentiras.

Un ano máis, comprobamos como á falta de entendemento entre as distintas administracións implicadas (Estado, Xunta e Concellos) e ao desinterese por coordinar actuacións conxuntas, súmase a ausencia de investimento para levar a cabo as actuacións oportunas.

Nun momento de crise económica como o actual, atender as necesidades da Ría do Burgo implica non só unha necesidade medioambiental, senón tamén unha aposta polo potencial da ría como motor da reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.

Polo exposto, **SOLICITASE** do Goberno español e do Presidente da Xunta de Galiza :

1.- A inmediata aprobación dunha Enmenda nos Orzamentos do Estado que dote unha partida económica( canto menos de 2 millóns de euros) para cumprir os compromisos da urxente posta en común que demandamos dentre as administracións ao obxecto de acordar un calendario de actuacións, fixar prazos reais –a través do BOE e o DOG- para o inicio do Plano de Rexeneración da Ría, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o seu saneamento integral.

2.- A actuación conxunta do Goberno galego e dos concellos da comarca da Coruña para reclamar do Goberno español a corrección das deficiencias dos Orzamentos Xerais e urxan a levar a cabo todas as actuacións precisas para a rexeneración e recuperación integral da Ría do Burgo.

O que presento a modo de petición popular ante o Proxecto de Lei de Orzamentos do Estado para o 2012.

Asinado \_\_\_\_\_

A Coruña, a 15 de abril de 2012